



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballido 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Decreto da Alcaldía do 19 de marzo de 2015

Visto o expediente en trámite para a contratación da obra denominada “**AMPLIACIÓN E MELLORA DA PISTA MUNICIPAL DE FENTÁNS**”, según proxecto de obra redactado polo Arquitecto Técnico Municipal José Luís Barros Sousa, por importe total de 69.952,76 € (57.812,20 € de base e 12.140,56 € de IVE)..

Visto o expediente en trámite para a contratación da obra denominada “**REHABILITACIÓN DE CAMIÑOS EN VARIOS NÚCLEOS DE COTOBADE**”, según proxecto de obra redactado por Infourban Gestión de Proyectos S.L, por importe total de 105.996,00 € (87.600,00 € de base e 18.396,00 € de IVE).

Vista as resolucións desta Alcaldía de data 04.03.2015, na que se aproba o prego de cláusulas que elixe como sistema de selección do contratista, ó procedemento negociado sen publicidade, optando pola celebración de mesa de contratación coa seguinte composición:

“16.Mesa de Contratación:

A Mesa de Contratación estará integrada de modo seguinte:

Presidente: O da Corporación, ou membro en quen delegue

Vocais:

- Un representante do grupo municipal do PSOE
- A Interventora de Fondos do Concello
- O Secretario do Concello
- Un técnico a designar pola alcaldía

Secretario: Un funcionario adscrito ao departamento de Secretaría”

Rematando o prazo de presentación de ofertas os días 13 (respecto da obra de ampliación e mellora da pista de Fentáns) e 16 (respecto da obra Rehabilitación de camiños en varios núcleos de Cotobade) de marzo de 2015, e visto o previsto na cláusula 15 dos pregos de cláusulas, e en uso das facultades que me confire a normativa vixente, esta Alcaldía **RESOLVE:**

PRIMEIRO: Convocar Mesa de Contratación encargada da valoración das ofertas presentadas polo licitadores coa seguinte composición:

Presidente: D. Jorge Cubela López (Alcalde)

Vocais: D^a Sonia David Cortegoso (Interventora da Corporación)

D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor (Secretario da Corporación)

D. Ismael Bouzas Veiga (Concelleiro do PSdG-PSOE) ou concelleiro en quen delegue.





CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

D. José Luís Barros Sousa (Arquitecto Técnico Municipal).

Secretario: D^a Jeanett López Fernández (funcionaria da Corporación)

SEGUNDO: A Mesa celebrará a súa sesión pública de apertura de ofertas o vindeiro mércores 25 de marzo de 2015, a partir das 13:00 horas no salón de sesións da Casa Consistorial.

TERCEIRO: Dar traslado da presente ós membros da Mesa de Contratación.

CUARTO: Dar conta ó Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde en Cotobade, a 19 de marzo de 2015. Ante min o Secretario.
Dou fe

O Alcalde

Jorge Cubela López

A secretaria accidental

Jeanett López Fernández

